



ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DE AGADER

O expediente para contratar o servizo de limpeza das instalacións de Agader iniciouse o 22 de maio de 2012 mediante resolución do director xeral de Agader, cun orzamento de licitación de 30.000 €, IVE incluído. Tramitouse polo procedemento negociado, ao abeiro dos artigos 169 a 178 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

O 4 de xullo de 2012, o secretario xeral de Agader propuxo a adxudicación do contrato citado.

De acordo con esta proposta, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,

RESOLVO

Adxudicar o contrato de servizos para a limpeza das instalacións de Agader, á empresa **Limpiezas Obradoiro SL** con CIF **B15701592**, por un importe de 28.983,24 €, IVE incluído. Este importe distribúese nas seguintes anualidades:

- 2012: 7.245,81 €
- 2013: 21.737,43 €

De acordo co previsto no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba a notificación desta adxudicación.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2012
Director xeral de Agader



Antonio Crespo Iglesias